



Eleccións ao Consello Escolar, ano 2024
Circular de comunicación ás familias e publicación da data e hora do sorteo

De conformidade co establecido na *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, realizarase proximamente neste centro a renovación do Consello Escolar, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do centro.*

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral, que estará integrada polo director, un profesor/a, unha nai/pai/titor legal, un representante do PAS e un alumno/a do centro.** Os catro últimos serán designados por sorteo, segundo establece o *artigo 30 do Decreto 92/1988 do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo.* Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, **celebrarase neste centro o VENRES 18 DE SETEMBRO ÁS 10:30, na sala de profesorado.**

A Xunta Electoral constituirase o LUNS 28 DE OUTUBRO, ás 12.45 h, na Dirección do centro.

Corresponde renovar os seguintes membros:

- **CATRO representantes de profesores/as** (por catro anos).
- **DOUS representantes de nais/pais/titores legais** (o máis votado por catro anos; o seguinte máis votado por dous anos).
- **CATRO representantes do alumnado** (por catro anos).
- **UN representante do persoal de administración e servizos (PAS).**
- ANPA e CONCELLO comunicarán a persoa representante que respectivamente designen.

Os membros integrantes da Xunta Electoral, das Mesas Electorais e os electores/as que precisen permiso laboral para o desenvolvemento das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 76.2º do Decreto 1/2008, do 13 de marzo (DOG do 13 de xuño), polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia.

Tui, a 16 de outubro de 2024.

Blanca Puente Pérez
DIRECTORA

